

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL
ANO VII — NÚMERO 189 — 25 JULIO 1923

DIA DE GALICIA DO ANO 1923

OFRENDA

Fai tres anos que os nacionalistas vimos celebrando no día de Sant-Yago o día de Galicia, día de santidade en que os nosos corazós renovan o seu voto diante o altar da Patria, día de ledicia en que todol-os galegos nos sentimos irmáns, día de espranza en millores días, día en que as nosas almas voan hacia os horizontes de días que inda non viñeron, pero que virán, que xa se ollan na lonxanía envoltos na brancura da nova Libertade.

Día de fe no porvir, de fe en nós mesmos, de fe na forteza da raza que ha de cumplir outos destinos, de fe en todol-os galegos porque pra todos tén a Santa Terra agarimos de nai e promesas de noiva.

Fai tres anos que vimos os nacionalistas celebrando o Día de Galicia, e oxe xa son todol-os galegos os que celebran esta festa patriótica, dándose todos conta do seu trascendente simbolismo.

Nosoutros saudamos con orgullo de patriotas e con amore de irmáns a todol-os galegos, pero preferentemente a todol-os nacionalistas que nas moitas e diversas organizacíós, xa xurdias e podentes, que hay na nosa Terra, tanto veñen loitando pol-a sua redenzón e libertade; a eles especialmente noso saudo porque son os escolleitos, os que como dicía o poeta, levan unha estreliña na frente e no bico un cantar, e sobor todo porque xa oxe saben ser héroes, e mañán, si é preciso, saberán ser mártires.

Noso saúdo para os galegos do desterro. Para eles sempre a nosa ademiración e a nosa lembranza. Eles son os que mais deben sentir a escravitude da Terra, porque son os que tiveron que fuxir a outras terras mais libres por estar a sua terra escravizada.

E a tí Galicia, Nai nosa, Patria nosa, nosa única Patria, a tí que nos deche a vida, a tí por quen alentamos, n-este teu santo día, ofrendámómosche as vidas nosas, agardando o teu mandato para que d-elas podas xurdír tí renovada e liberada.

A Redaición.

¡A nosa vontade de rexurdimento!

Hai algo que está acima de todal-as forzas materiales e espirituais de que disponen os homes. A vontade, que percorre os mares, que trunfa do ar, que vence a terra, que cambea o pasado correxindo á hestoria, desfacendo as inxurias d'outro tempo.

Os grandes bens que conqueriron as cencias, as fórmulas d'unión e d'organización social, os valores supremos que constituyen o xenio dos pobos, que teñen cifra no nome glorioso dos héroes, naceron sempre da ostiñación da vontade, e son os froitos que ela foi sementando polo rego da vida.

¡Adiante, pois, decote! Nosotros apor da luz e da outrera, sin nos arredar pol-as mágoas nin nos deter pol-as desfeitas.

Hamos pensar mais n'o mañán que no día d'oxe, mais nos qu'han vir, qu'en nós mesmos; porque o tempo pr'ós pobos conta menos que pr'os homes.

Cada "Día de Galicia" que celebremos afincará a nosa vontade de rexurdir! o mesmo si nos lembra éxitos e ventaxas que si nos trae recordo de feridas e dôres: que nas loitas da vida os golpes tamén ensinan e donan dureza á coraza, e cando non fan morrer á derradeira acrecentan a forteza.

MANUEL PORTELA VALLADARES.

Barcelona, pol-o San Yago de 1923.

TORNAN AS VACAS PARA A ALDEA

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas da coor marela.

Foi avisarlle un luceiro:
"¡a teixa noite está preta!";
lebráronse do cortello lonxano,
tamén da herba
qu'escoa o suor do corpo,
loira cabeleira d'unha Madalena.

Tornan as vacas para aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas da coor marela.

Como no San Xuán as mozas,
con cereixas nas orellas,
axiña elas van con fallas
encol do pescozo e testa.
Todal-as follíñas bican,
docemente, a sua pel tépeda
si quixeran voar poderían,
pois no mesmo lombo duas alas levan,
mais prefieren voltar pasenío
depinicando nas froles das veiras
hastra qu'os zagalés lle berren:
"Ey, vacas, seique non tendes presa!"

Tornan as vacas para aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas da coor marela.

Un istante se pararon
a carón d'unha figueira;

O noso gran día

Dendes do curruncho case que mergullado n'este mar de loita e protesta constante, d'antre os penedos inxentes e as brétemas medoñetas que agrandan a barudez dos irtos cabos de Touriñán e Finisterre, mando un saudo, cheo de fe na santa Causa, a todos os que comulgan nas quentes arelas da redenzón da Terra.

E o noso gra ndía, o DIA DE GALICIA, i-eu fago tamén a miña festa, erguendo o corazón coma unha hostia frenta á imensidade salgada, onde hoxe afúndese, mais acceso que nunca, o sol benfeitor que noutrora tivo aquí os seus mais devotos adoradores e o seu mellor templo.

Ogallá n-esta noite brile con mais esplendor que nunca o alto vieiro empedrado con mundos—coma unha faixa branca no azur do ceu—, que nos séculos pasados guiou a tantos pelegrinos; para que todol-os galegos vexan n-él a estrada lumiosa da vitoria final.

GONZALO LOPEZ ABENTÉ.

En Muxía, o día de San Yago do ano 1923.

Papel de fumar

NOROESTE

todol-os figos bulian,
sonaxas d'unha pandeira,
porque o vento os abanaba
como campanas nas festas;
entón os cornos das vacas
¡como tremaban de invexa!,
ponlas que no pairen froitos
nin coñecen primáveira.

Tornan as vacas para aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas da coor marela.

Xa tiraron do carro mancado,
xa cabelaron c'un arado a terra,
xa deixaron nas augas dos regos,
onde elas beberon, fiños de estrelas.

Tornan as vacas para a aldea,
vacas roxas, vacas mouras,
vacas da coor marela.

Alí as agardan as donas,
para lle munguil-as tetas;
e para que fique nas cuncas
a esmola da leite fresca,
branca como a lua,
como a lua chea.

EUGENIO MONTES.

(Do libro a sair *Alalás*).

Madrid, Santiago do 1923.

Irmán galego:

Hoxe é o "Día de Galicia"; hoxe, que é o día de Santiago, o 25 de Xulio.

Hoxe débreste lembrar que ti naciches en Galicia. Todol-os homes teñen unha Patria, onde nasceron; a tua Patria é Galicia. Galicia nada ten que envexar á ningunha outra terra. Hoxe, que é o "Día de Galicia", pensa neso, adica sómente cinco minutos á poñer o pensamento na tua Terra, na tua Patria. Pensa que a tua Patria, tan rica, tan fermosa, é a que che fixo como eres, a que formou a tua alma. O seu chán procura a mantenzo, e nun anaco d'el repousarás, xunto aos teus maiores e na compañía de todo canto amas. Pasarás á ser un anaco da tua Terra.

Pensa hoxe, con recollimento, que á tua Patria non se lle conceden os dereitos que lle corresponden. Pensa que xentes alleas téñena agrilloada con grilós de ferro e que sé ti queres pódense esnauquizar.

Todo patriota arela as maiores grandezas para a sua Terra, e por acadalas ofréndalle a propia vida. Pensa que sen chegar á ese sacrificio podes lograr moi-to se traballas un pouco, se axudas algo aos que de cote laboramos por abranguer a sua prosperidade, a sua grandeza. Esto beneficiate á tí mesmo. Canto mais culta, canto mais libre, canto mais rica sexa a tua Patria, mellor poderás vivir tí; mais prosperidades preparas para a vida dos teus fillos; mais satisfeito, e mais orgulloso tamén, esta-

rás da tua Terra. E se ti contribuiches ao seu engrandecemento, maor será a tua satisfaición.

Hoxe que é o "Día de Galicia", pensa que a tua Terra ten un idioma propio, ten unha maneira peculiar de expresión que a diferencia das demais. Ti non podes avergonzarte de ser galego; ti non podes renegar da tua Patria; ti non debes rebaixarte ante os estranos despreciando á fala da tua Patria, que é a fala galega. Ningún deixá de falar, ainda no desterro, no idioma da sua Terra. A fala da tua Terra merece o teu respeito e o teu agarimo; fala de cote no idioma da tua Terra e sentirás mais nobre, mais libre, mais honrado, *mais home*.

Irmán galego: Pensa no que leíche e notarás a verdade d'estas verbas. Convencerás de que na grandeza ou na decadencia da tua Terra podes ter parte.

Irmán galego: A tua Terra, a tua Patria, precisa de ti: non gastes inútilmente a tua vida, e pensa que honrando á Galicia hónraste ti mesmo.

E non raches esta folla. Dalla á un amigo, e si a non entende, espíricalle o que quér decir. Se tés fillos ensinalles á leela e dilles o que significa. Eles agradecerán no futuro.

Irmán galego: Galicia, a tua Patria agárdate.

; Terra a Nosa!

A IRMANDADE DA FALA

Praza de María Pita, 17, baixo.

Esta folla foi repartida profusamente pola Cruña

Encol do arredismo

II.

Hoxe que é o "Día de Galicia", quero adicar este segundo artigo encol do arredismo a falar do caso da Nosa Terra.

Tiñamos quedado en que na Hespaña todo hespánol vive materialmente arredado do Estado. Os galegos, como parte integrante tamén do Estado hespánol, atopámonos nas mesmas condicións, con respecto a aquel arredamento, quen os demás cidadáns das outras nacionalidades. Igual que os demás, sufrimos os mesmos aldraxes e á forza contribuimos cos nosos cartos e ainda coas nosas vidas moitas veces, ao sostimento d'aquel Estado. O mesmo que os demás, chegamos xá a nos convencer da inutilidade do Estado, tal como está constituído actualmente, e por eso en nós foi anñando o arredismo.

Craro é que para os nacionalistas non é somentes esa a causa, pero é que seguramente si o Estado atendese mais cumpridamente ás necesidáns da nosa Patria, aquel arredamento non se manifestaría tan radicalmente. Ademais hai moitos galegos que, ainda sen se chamar nacionalistas, consideran arredados do Estado e eso é nada mais que porque fóreronse convencendo, a realidade fóillelo enseñando, da ineficacia e da podredume en que aquel atopase.

E si a maioría dos galegos particularmente consideran alleos ao Estado hespánol, nada tén de estrano que ese sentimento maniféstese colectivamente. A necesidade foi facendo que os arredistas fóramos axuntando en colectividade. Así hoxe, os que non negamos o noso arredismo, non facemos mais que expoñer publicamente o arredismo que interiormente levan a maioría dos galegos e tamén o resto dos hespánoles.

Ademais, os arredistas galegos, que sabemos que Galicia é unha nacionalidade perfeitamente definida, con lingua e costumes propias, con características puramente raciás, con sentimientos e gustos non somentes diferentes do resto dos pobos hespánoles senón materialmente opositos casi sempre, non podemos estar conformes con un Estado que nos rouba o que é noso, que pouco a pouco vai matando a nosa vida, que nos impón falas e costumes alleas, que non dá expansión á nosa riqueza senón que a vai aniquilando por favorecer á d'outros pobos e que de este tivo para a Nosa Patria aldraxes e nada mais que aldraxes.

Nós, que sabemos que o Estado hespánol non ha de resolver nunca o noso porbrema, cando éste se prantee en forma, porque é incapaz de resolver outros de menos importancia, temos que nos ir arredando pouco a pouco de catando de que n'ese arredamento está a resolución do problema noso e o conquertoamento da nosa libertade. Co Estado hespánol está a nosa escravitude; no arredismo está a nosa libertade. A elección non é dubidosa.

E non se nos diga que nos debéramos arredarnos senón todos xuntos traballar pol-o acabamento do Estado actual. Non; preferimos primeiro reconstituirnos a nós mesmos.

Poida que non fóreron arredistas se vísemos que o Estado hespánol tivese na súa historia a resolución, mais ou menos completa, de algún problema nacionalista. Pero nós que sabemos o que pasou con Cuba, coas Filipinas e na actualidade con Cataluña, ¿qué confianza e qué esperanza podemos ter? Para mim o ser arredista, ademais de ser un caso de patriotismo galego fondamente sentido é tamén unha custión de dinidade e de limpeza.

Galicia foi un pobo libre hasta que con malas artes e á forza, non sen que manifestase rexamente a sua protesta, foi arrastrada e agrillada para formar parte do que

se chama Hespaña en xuntanza involuntaria con pobos diferentes en todos os aspeitos e baixo a opresión dun poder que mediou a todos polo mesmo raseiro sen ter en conta os seus distintos medios de vida e as suas diferentes características. Ao mesmo tempo obligáronlle a empregar un idioma que non era o seu e o propio medio de expresión quedou reducido á vida do fogar. Dende aquel momento conservou a decadencia da Nosa Patria e iniciouse o desgaleguismo que pasenamente foi minando as xeneracións galegas, pero que a pesar de tanto n'este senso se fixo, moi principalmente por parte do Estado hespánol, non conqueriu que fose apagado por compreto o sentimento e a voz da nosa raza que mandaron más que canto por conquérla realizar. Ainda despois de sufrir cinco séculos de asoballamento, con todas as inxusticias e atentados á nosa vida que aquel asoballamento levou aparellados, no momento actual consérvese a nosa raza con bastante pureza e latexa no pobo galego unha patriótica arela de vivir unha vida mais próspera e de maior liberdade da que endexamais nos poderá donar o Estado hespánol.

Galicia, como pobo definido, tén direito a vivir e non hai lei humán que xustifique o seu sometimento a un poder alleo e a unha raza extranxeira compretamente oposta á nosa. E Galicia non poderá vivir esa vida de grandeza e de liberdade senón é arredándose do Estado hespánol que non lle permite desenvolala.

Galicia, pois, tén xustificado dereito a se sentir arredista e procurar abranguer o maior axiña que poida aquel arredamento que tanto percisa para vivir. Nada tén de estrano que haxa galegos que se decaten d'esta realidade e non teñan incomenente en se chamar arredistas, que quer decir integral e fondamente galegos. Craro é, e ahí está o mal, que ainda non son moitos, tantos como deberan ser. Mais non importa; o sentimento haino en gran cantidade particularmente e en bastante colectivamente. E eso é o que importa. Que Galicia non desapareza como pobo senón que cada día que pasa avívese mais n'ela o desexo de vivir e a conservación da súa existencia. E día chegará, non o duvidedes, en que terá de conquerir integralmente o seu desexo.

Os que sentimos orgullo en nos chamar arredistas, traballemos se nacougo por chegar logo a ese día que terá de ser o verdadeiro "Día de Galicia".

VICTOR CASAS.

Verbas evanxélicas

Xa falan os homes da Terra, Terra-nai que acolleu noso morno berce. Paz e libertad pidan os bariles evanxelizadores dos nosos novos tempos nos outos faladoiros e leedoiros da reivindicación. ¡Viva Galicia, irmáns da nobre causa! Hoxe é o día da gran festa da nosa Raza!

A Raza baril esbravexa e quer redención. Os sacros Mortos de Sofán, Osera, Nebra e ¡¡Sobredo!! queren que se faga xusticia. Xusticia fera y-esgrevia, xusticia viril que esmagulle as cabezas dos negreiros opresores.

Arturo Noguerol dixo que "enriba de Compostela brilla un sol d-humanidá". ¿Será certo, fillos de Patria de Breogán?

Voltarán a nosa lembranza os nomes refulgentes de Xelmírez, Conde de Traba, Rodrigo de Padrón, Fernando de Castro e ¡Pardo de Cela! Temos unha libertad que conquerir, unha Terra que faguer nosa y-unha patria que independizar. Temos unha Hestoria que escribir, temos que entonar un 'voce ousado que sea un berro de rebeldía!

JUAN JESÚS GONZALEZ.

No fito das profecías...

...A NAY Terra celebra hoxe sua festa de lembranzas. O dia do Sán Yago representa xa na Galicia a voz alcesa da Raza. E a nós esta ollada en que se xuntan o pasado y-o porvir, gústanos; facervos cargo que nós somos dos que creemos que do culto ó que foi depende o que ha de chégar. Eisí, os fíos invisibles que mesturan alén os mesmos deseños transmiten n'estas horas de ledicia con todo valimento os berros xubilosos. En calquera parte do mundo onde latexen as arelas xigantes de nova vida que estralan nos peitos celtas, o novo Honsana é como un hino de gloria que lovase deic'as estrelas tremadoras o fondo degoro de que o Pai Sol alumee a redenzón dos lares meigos y-escravos...

...E nestas horas de meditación, de recollimento, nos imos topar no ensono en visión delumante de ollar o sagro Ideal enriba d'unha estrada fermosa e froría feita pol-as mans esgrevias dos vellos loitadores, e fincándonos na Terra que nos enfeitiza garimosamente deixamos pasar do peito os beizos a sinxela e doce pregaria que compón esta y-alma tola de saudade e imos debullando en col do chán as verbas feitas co arume perfumado de frores qu'inda se atopan pingorotadas pol-o divino sangue dos mártires. Eos beizos tremantes van decindo: ;Terra urente e souril, chan fidalgo e vello: as y-almas gozosas dos teus fillos n'este dia de lembranza, sinten a tua chamada angustiosa, os queixumes do teu door fondo, que poñen nas suas venas ese lume roxento que na sua mañifica serenidá non xa labradoras de fogaxe somellan, senon tan siquera tintura bermella de venganza... Pro non chores tí, Terra cariñenta, que o día da libertade está moito mais preto do que moitos pensan, e nese día, ;ou Terra Nosa!, os teus mozos saberán da rno teu colo fonxe cos infinitos cantores da Misericordia que che teñen presa en ferropea de fame a quen eles pintan de ouro engayolada con ledas pormesas, e agasallada con parolas bonitas que as mais das veces gustan d'envolvere en onzas de promesa, para que a tua sede de libertade sexa afogada co mesmo sangue dos teus bos fillos... Pro non chores tí, ;ou Terra Nosa!, que n'estas horas santas, vaise a dar o miragre: o panteísmo que a tua traxedia alimentou en nós, pon ás d'entusiasmo no noso corazón e sentímonos perder, desfeitos, nos teus brazos, como nos d'unha naicíña que ao mesmo tempo que nos encherá a faciana de bicos, marmulase ao noso oubido suas verbas cintilantes, namentras o mar lumioso de que falan os vellos textos melios, rima cos nosos xuramentos e protestas, o seu bruar tristeiro, por non poder fuxir moi lonxe das costas de Suevia, cando as suas yangas de prata queiran sere recollidas pol-os tiráns para veren de apagar o lume dos incendios que enchen tod'a lexanía, fixarvos senón: ;non semella o ir e vir das olas latexantes con cristás d'escuma o eterno motivo que brinca no que a naicíña nos dí?

;Hai que ser fortes, rapaces! Os cobardes, os treidores son desleigados, pro no nson homes. E os que a min non me queren, xa non poderán querer a naide. O seu castigo téñeno, como dí o Leonidas Andriew no "Dies irae", en que se lles vai murchando o corazón. Porque non quixeron que eu fose, non serán eles nunca mais que os estranos, os verdugos uniformados, os fillos de mala nai; que en vez de voltar a min os ollos para conquerir o trunfo, diríxennos sempre a irrisoria a vergonxenta lei das xubilaciós... ;Hai que ser fortes, rapaces! ;Quen sabe si soilo falta xá un anaquillo na carreira trunfal das nosas arelas para què adequirá un sentido moito mais outo, profundo e lóxico a célebre frase que debemos lembrar. ;decote n'este dia!...

;SAN YAGO E PECHA HESPAÑA! ;Quen sabe

si a nova porfécia vai a cumplirse decontado!... ;Quen sabe se o señor San Yago acolle os nosos pregos e pecha xa d'unha vez e para sempre, a atafegante Hespaña malfadada... para abrir, en troques, a nova vida dos pobos da Galicia, da Catalunya, da Vasconia, da Valencia... ;Quen o sabe, rapaces, quen o sabe!..,

* * *

...Nai Terra: Eu creyo cegamente na tua voz sagrá e non dudo de qu' eaxiña vai cumplirse a santa profecía n'un Día de Galicia con tod'a luz de Xulio, e no que o viño do Sol, ferindo as altas copas dos pinos verdecentes, encherá o ar coa nosa canción toleirona, gargallante e algareira, que leve pol-o mundo a nova libertá berrando aos outros pobos que os tempos ledos e souriles foron chegados xa o fogar vello e fidalgo do Bardo Breogán!..,

JOSE POSADA CURROS.

Compostela, No San Yago do MCMXXIII.

No día de hoxe

Día de Galicia, día grande por escelencia ten de ser hoxe para todolos gallegos.

N-este día temos de ouvir as fortes badaladas e repiques nas campás das eirexas das cidades e vilas.

Todolos pobos están vestidos de gran gala.

Arcos de trunfo, donde mesturado o loureiro cõ toxo e pino vense lêndas patrióticas coronadas por grandes bandeiras gallegas.

As rapazas van saindo cós seus millores e feituos traxes, algús d-eles sacados do fondo das huchás.

Son dos tempos das nosas aboas.

Os mozos garridos como de cote, locen nas suas monteiras as prumas mais bonitas que atoparon.

Nas suas facianas vese rebuldar a ledicia propia das grandes solemidades.

Mozas e mozos van cara ao pazo do Concello, ali no medio da praza verémos beilar a muñeira ao son da nosa gaita.

Mais tarde irá todo o pobo ao grandioso mitin no que os patricios falaranlle na nosa lingua.

Síntense uns berros... ;Terra a Nosa!... ;Viva Galicia!... uns aturuxos nos que os nosos mozos sintetizan a fonda ledicia que sinten.

Xa chega a noite.

Na praza vaise xuntando a xente, non falta ningún, vellos petrucios coas suas cirolas, neníños no colo das suas nais, mozas de parola cós mozos.

Comenzan os fogos, bombas que síntense d-un lugar a outro, vense algunas figuras de fogo que se van esmorecendo.

Toda a xente está ollando para un punto fixo: Falta a fachada.

Ouvense uns fortes aprausos e berros, xa comenza a arder a fachada, a xente vaise entusiasmado, está a rematar o fogo.

De súpeto xurde un letreiro lumioso... ;Terra a Nosa!... O pobo répite o xurdío berro.

No intre xurxe unha grande estrela verde que daba remate á fachada.

Xurdíos berros de loita saen do pobo. ;Redenzón!..

FEDERICO ZAMORA.

Lea vostede o próximo número de

A NOSA TERRA

¡Patriota, escoita e recapacita!

Todolos pobos, conmemoran o Día da Patria, como unha data, lembratoria da redención adequirida no campo das libertades.

E día de festa do espírito e d-eixempro vivo, antos pobos escravos, do que pode a propia determinación. O Día da Patria, é para os cibdadans dos pobos libres, a ratificación solemne do sentimento patriótico e da exaltación nacional, que fixeron d-un pobo escravo, pero con persoalidá, un pobo libre, que deu a historia unha páxina gloriosa, escutipida co lume do seu desexo de ser, é integrada polas leises do seu dreito nacional, obra exclusiva da vontade do pobo.

Galicia, a nosa Patria espiritual, que n-outros tempos foi dona e soberán dos seus destinos, que dou á civilización os froitos meirandes da suainxente persoalidá, que viviu sempre pensando na sua estrelíña solitaria (a pesar das caideas que os canallas sober d-eia botaron), inda non pode celebrar o seu Día da Patria. E escrava, ten as serpres chuchándolle os peitos e sober do seu corazón a amenaza tiránica do opresor.

Nin o amor dos seus fillos, nin as súplicas de libertade sempre demandada, foron d-abondo, para que o Estado opresor concedéralle a Galicia o que a sua vontade nacional habíalle dado n-outras edades. Xa estamos cansado-sos seus fillos de ter tan lonxano o Día da Patria, xa en nos outros fixo lume sagrado a ideia de non consentir por mais tempo tanta escravitude, xa estamos cansos de non poder chamar mai a quien nos arrolou no seu berce e nos agarimou cos seus bicos. Son chegaldolos tempos da nosa redención, xa é moito tanta mansedume. A Patria Galega agarada de nós a definitiva demanda de libertade. E o dreito a propia determinación, quen esixe que Galicia sexa soberán, son as leises da Natureza as que nos manda cumplir o noso deber.

¡Patriotas galegos! si non esquencichedes os agarimos da nai feiticeira, que foi libre é hoxe é escrava, sin tendes nas pupilas a tristeira visión de tanta escravitude e baixeza, a cumplir co voso deber, que veña pronto a libertade, conquerido polos medios a que nos levaron os opresores; si esto facemos, entón podremos celebrar o día da nosa redención, como o Día da Patria, afincada n-un desexo de igualdade e que teña por lema PAZ, XUSTICIA E LIBERTADE.

AMARO DE VILAMELLE.

Sant Yago do 1923.



Todolos pobos do mundo conscientes da sua esistencia e do seu valer, amostran con satisfacción as suas características: as costumes, a arte, a fala, os traxes típicos; todo canto os diferencie dos demás. D'este xeito á par que mantén nun nivel elevado a sua persoalidá, atraen a curiosidade, o interés dos estranxeiros que adican o seu tempo e mail-o seu diñeiro á correr o mundo en procura de couzas desconocidas, de emocións novas.

E nos días de gran festa, sobre todo cando se trata das grandes festas nazonas, faise a consagración da alma do pobo adicando a maior importancia á organización de bailes, cantos, música, exhibición da típica indumentaria; todo ese conxunto de particularidades pintorescas e rebuldeiras que á vez que sirven para fomentar a riqueza enorme do turismo, sirven tamén para conservar todo canto sinifica a vida peculiar do país, o espírito da raza, para continuar a sua historia.

O día de hoxe, día de Galicia, debe ser así: a consagración da nosa raza, do seu espírito; o afincamento da

nosa persoalidá; a exaltación de canto sinifica galegoísmo, na arte, nas costumes, na fala; e xa que ainda non desaparecen da concencia de certas xentes coma un aldraxé o nome de *gallego*, debemos amostrar que os galegos temos algo de superior á todos esos que nos calunian e nos escarnecen, algo que é o traballo, a voluntá, o ideal da nosa Terra.

Hoxe mais que nunca debemos collernos todos da man, cantos sintamos cobiza de redención, de grandeza para a nosa Galicia, e nunha roda xigantesca, en que o mesmo espírito de amor á nai Terra, que é o amor á nós mesmos, aos nosos pais e aos nosos fillos, nos una, poñamos nos beizos coma un xuramento de promesas e decisiós que aníñan no noso curazón, para acadar no porvir a grandeza do noso pobo, o berro sacro de Terra a Nosa!

LEANDRO CARRE.

Eu non puedo ser senón nazionalista

Porque así o creo por ley de Deus e dos pobos.

Non puedo ser d'outro xeito, pol-o fondo amore que sinto por ista terra donde naceu miña chorada nai e miña aboa.

Non puedo ser d'outro xeito, porque eiquí na Galiza, naceu meu pai e meu abó.

Non puedo ser d'outro xeito, cando para ourentarme en maior cultura, tiven que buscalos nos libros extranxeiros, xá que na cativa Castela, nunca puideron doarma superior a nosa basta e xurdia.

Porque cando quisen un día en Castela lembrarme da miña terra, da nosa concencia sana e baril, topeime n'unha festa, en que as fillas de catro desleigados vestían o noso traxe como unha curiosidade para facer rir, e oubín a mais de catro pais mentar que Galiza, era a filla meiga d'a Hespaña sumisa e obediente e vin a un setemesino estudante de Dereito, entrar a provocarre a risa dos compañeiros d'o Casino, vestido de labrego, levando na man a monteira qu'outros abafaban en champán.

Eu non puedo ser d'outro xeito o ver o asoballamento que dos nosos labregos fan os amos das segas da ruin Castela.

Eu non puedo ser d'outro xeito, cando santamente me indíñeoi o ver como castelans se rían de nós na representación das obras d'as nosas costumes e maldecín os canallas asalariados da pruma qu'exportan indiñamente os nosos persoaxes, presentados falsamente ante públicos estranos e fan das nosas costumes relixiosas, motivos de decreto prás nosas creencias.

Non puedo ser d'outro xeito, cando a primeira vez que lle peguei a un home, foi a un castelán noxento, que se astreveu a chamarme *Galego* por insultarme.

Galego sempre, galego de nome e corazón; galego de sentimientos e orgullo, nunca de alcume.

Porque Galiza, desde que perdín a santa que Deus me dera, e a que tomei por nai, non por madrasta.

XAVIER SOTO VALENZUELA.

Vigo.

No Día de Galicia

A terra ou á Patria—que o mesmo monta—podemos servila en todolos instantes da nosa existencia. Non pide a todos os mesmos sacrificios, nin eisixe a todos ó cumprimento dos mesmos deberes. Pro así como ó fillo amante atopa de cote, ainda nas más ordinarias ocorrencias da vida, ocasión de amostrar a sua nai ó amor que por ela sinte, así nós podemos dar proba do noso patriótico celo, cum-

prindo esmeradamente, valerosamente, si fose mester, as obrigaciós que con Galicia temos contraído.

Non soilo coas armas se defende á Patria. Deféndennan tamén aqueles fillos que cumplindo os deberes que a sua posición lles impón, co-ó pensamento e ó corazón postos na gloria, na libertade e na prosperidade da sua terra, saben conservar o sagrado tesouro de riquezas espirituais e materiais herdadas dos seus maiores, e trasmítilo, acrecentado e millorado os descendentes.

Traballemos en tal sentido e que os nosos fillos teñan a fortúa de festexar o DIA DE GALICIA nunha terra tan grande, tan culta e tan rica cal desexamos os nacionalistas; nunha Patria onde poidan sentir os seus habitantes o nobre e santo argullo de vivir libres á sombra bendicida da gloriosa bandeira galega!

Salvador Cabeza de León.

No mes de Santiago, do ano 1923.

ESPERANZA

Hoxe é día de recollimento para todolos galegos. Día dedicado ao enaltecemento da meiga terra e da podente raza, debemos erguelos nosos corazóns, entromediar dos neboeiros que cobren de soma o porvir, postos nosos pensamentos no alto, fixando nosas olladas na tenue craridade que brilla no fondo das tebras e coa alma enchida de fe, seguir-o camiño que nos sinala a luz da esperanza.

Fagámol-o así sin abaixamentos e desmayos e sin accugo para que chegue mais axiña aquel sonado instante de que rachando as negruras de hoxe luzca espredente a aurora da nosa redención.

EUGENIO CARRE ALDAO.

NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A cátedra de lingua e literatura galegas

A Facultade de Filosofía e Letras creada recentemente na Universidade compostelá, dirixiuse ao Goberno por iniciativa do ilustre catedrático, noso moi estimado amigo don Armando Cotarelo, á fin de que sexa estabrecida a Cátedra de Lingua e Literatura galegas.

E moita a importancia que tén este feito, non sómente polo que dinifica a nosa fala tan merecante de amor e d'estudo pola sua beleza, pola sua necesidade para a vida de relación no país e en xeneral nos de lingua portuguesa, tan semellante á nosa, e pola importancia que tén a literatura galega no pasado e ainda no presente; importancia que influiu nas letras castellanas, e que pode ser base da grandeza artística e espiritual da nosa Terra.

Agardamos que todolos xornaes, todalas institucións, todolos galegos, en fin, lle den quentura e apoyen esta xustísima petición con ouxeto de acadar o inaprazable establecemento da cátedra solicitada, que tan necesaria é na Universidade galega.

NO ANIVERSARIO DE ROSALIA CASTRO



O dia 15 d'este mes fixo trinta e oito anos que morreu Rosalía, a nosa santa poetisa, a que en versos por ningúen igualados soupo cantar as grandezas da nosa Terra. Foi a sua musa un mar d'amore que inundou todolos corazóns galegos. Unha muller como Rosalía abonda para facer grande a un pobo. No seu aniversario non poderíamos atopar mellores verbas para expresarlle o noso homenaxe que as do gran poeta Cabanillas.

A Rosalía Castro

*Dúas nais me bican e me dan arrolo,
Unha, a do tempo neno, a pomba aquela
que me acochóu, mimosa, no seu colo
e-o xeito homilde da virtú sinxela.*

*Afundido no dor, frébente, tolo,
chamaba a morte a berros ó perdela,
cando ó ler os teus libros pou consolo!
surdiche Tí: contigo tornou Ela!*

*Dend-entón, si ferido dos ponares
que ensangrentan a vida con que loito
pouso a y-alma nas FOLLAS y OS CANTAPES,*

*¡Rosalía! ¡ña Nai! ¡miña Santiña...!
¡mental-a Rula milagreira escuito,
sinto unha doce man que me acariña!*

RAMON CABANILLAS.

NO DÍA DE GALICIA

CARA O PAZO

A terra tén que ser do qu'a traballa,
 Xa qu'o seu froito a homanidade chega;
 Escravos n'haberá. Quén restroballa,
 Seméa, sacha, arrenda, acriúa, rega,
 Recoll'e limpa ó gran dempois que malla,
 Y-a cotio o suor ó rego entrega,
 Adebaixo do Sol, co seu arado,
 Non debe de topar nada contado.

(D'un traballo en perparación).

Un pazo solarego na valgada
 Pol-a quun río serpea silandeiro;
 Verdexa o campo ó lonxe, sin llindeiro,
 N'o medeo d'unha finca amouroada
 Tres légoas á redonda en si cerrada,
 Colle as terras millores d'a comarca,
 Onde do negro feudalismo a marca
 Quedou d'antiga escravitu pasada.
 Siteos fondos e própeos de besada,
 Que n'a vida, un gran siquerá deron,
 Pois século tras século estiveron
 Covertos de silveira y-erballada,
 Vense ó pé de vaixadas regadías,
 Que, podendo ser verdes erbales,
 Campuleiros namais son, e xunciales,
 En onde non se ven vacas nin crías.

Carballeiras que nunca se podaron,
 D'as qu'as ponlas caendo se podriron
 Sobre terras que nunca arado viron
 E d'estercos servindo as engordaron,
 Entertar van co monte, ond'os toxales,
 Retortos, por los anos revelludos,

Os anos correron,
 Os tempos pasaron,
 Os nenos medraron,
 Xa cuase homes son;
 Un día que xuntos
 Os veu n'o quinteiro,
 Manoel, moi tristeiro,
 Falou d'este són:
 "As terras cativas,
 E poucas que temos,
 Meus fillos ,xa vemos
 Non dan para comer ;
 Aquí n'esta chouza
 N'hai mais que riegrura,
 E onde fartura
 Só debera haber".
 "A médeas o gando,
 Porque non mantemos
 Pois herbas non temos.
 Ningún no lo dá;
 Morreronlle cs vácaros
 A porca parida,
 co'a fame xumida

Vel'ahi ela está".
 "A casa alboyada,
 sin pan nin fariña,
 Baleira a cucíña,
 Baleiro o cabás,
 sin roupa n'as uchas,
 de grasa nin chisco,
 Debémoslle o Fisco
 Dous anos atrás".
 "D'un día para outro,
 Por este quinteiro,
 Lambido e lampeiro
 Xa estou vendo vir,
 Ao ministro, o pouco
 Que queda a embargarnos,
 Disposto a votarnos
 De todo á pedir."
 "Vos, que sodes mozos,
 Abarraganados,
 Co'a fame anicados
 Non debedes d'estar;
Fuxi d'esta terra,
Meteivos toureiros,

Renegridos, e mestos, e con nudos,
 D'as feras monterias son tobales...
 Apena ó ánemo ollar tal abandono;
 Y-o mirar tan boa terra sin produto
 Ponse un a cavilar ¿quén será o bruto
 que non quér traballar? ¿Esto ten dono?
 O dono, hoxe, lixado pol-o viceo
 En Madri, o dominio, ó Pazo afeuto,
 Recólleo d'a man limpo e direuto
 D'un administrador qu'o é d'ouficeo...

Cuase enfrente, n'a cima d'un petouto,
 Tiña á casa Manoel des que casara;
 Un fillo, tras un fillo, outro tras outro,
 foron todos os bens n'os que medrara.
 Catro leiras d'un monte que anovara,
 Catro leiras de terra ruinceira,
 Sen lentura, cativa é cascalleira,
 Era vida á qu'o probe s'apegara.
 Terra seca, ruin, polvorescenta,
 Codeseira, con eiba, espúrea é fría,
 Moitos anos o probe non collía
 Gran pr'ó cano que gravaba á renta.
 Ispido, sin comer, é traballando,
 Así a vida levou o disgraciado,
 Pol-o sol do vrán, xa requeimado,
 Ou do inverno c'o frío tremeando...

Xogantins, lacoeiros,
Ou ide roubar..."
 Calou o petrucio,
 Pro o fillo mais vello,
 Ao ouvir o consello
 Cambéou de coór;
 "Non deixo esta terra
 —Dixo—, nin toureiro,
Ladrón, lacoeiro,
 Son nin xogador."
 "Comigo o direito
 de vivir eu levo,
 Y-o mundo me debo
 Para traballar;
 ¿Vedes aquel Pazo?
 Pois tiven un sono,
 Que d'el serei dono,
 Y-alí vou parar...

JESUS SAN LUIS ROMERO.

Compostela, 8-7-1923.

A D H A

Non é o Dia de Galicia, como coídan os vellós cazu-
rros do rexionalismo con grelos e lacón, unha festa mais
para adourar un ídolo ou un fetiche, ou, cando menos, para
andar d'enchente ou ceibar n'un brindis, ao redor d'unha
caterva de parvos, un centón palabreiro de parvadas. O
Dia de Galicia é a evocación, a vibración das antigas arelas
de liberdade—encarnadas nos nosos bards e nas nossas
xestas épicas—renovadas ao longo das centurias nos peitos
fidalgos e nos nobres espíritos que antes quixerañ ver a sua
Terra trocada en "taboleiro de mercería yanqui ou en
pesebre de besta xaponesa"—se a vida non tivera mais
que unha representación groseiramente materialista, que
humillada y-envilecida, c'urha resifación propia d'escravos,
aos pes d'unha nación decadente e baixo a pauta d'un esta-
do de salteadores con levita. Prog. gallegos conscientes non
hai dilema ningún entre escoller o camiño da súa dinidate,
na que resoa a vos solene dos petrucios barudos, fortes
aínda nas súas tumbas (¡porque os mortos mandan!), ou
seguiре da man da cuquería ou do cretinismo, arrastrando
o autodesprecio, sin persoalidade e castrados na y-alma,
afirmando a intanxibilidade d'unha patria inexistente, ba-
sada n'unha unidade ficticia e filla d'unha ollada seminal
incestuosa d'uns reis idiotas. Prog. gallegos o ser nacio-
nalista e xa unha custión d'ehonore. Pol-o menos naciona-
lista, porque eu, meus amigos, non vexo para Galicia,
sobre todo prâ sua dinidate, mais camiño que o d'un radi-
cal separatismo.

ROBERTO BLANCO TORRES.

Opiniós d'un mariñán

Os galegos divídense en tres clases: enxebres, homes
e doncellos.

Pertenecen á primeira aqueles que, sin cobiza nin in-
terés, aman a Terra, dándose conta de que o empobreci-
mento dos nosos valores é un caso de dinidate individual
e colectiva.

Chámanse homes os que, adicados ao traballo, falan
galego ou castelán, é onde queira que s'atopen non reneg-
gan da Terra, inda que para eles non sea sustantivo o pro-
brema da nosa libertade.

E son doncellos, os que, non sendo peixe nin carne,
teñen a alma impermeabilizada para toda idea de rexenera-
ción galega, falan en castelán do mesmo xeito que os
maragatos, e son verdadeiros parasitarios no campo de to-
dal-as actividades.

Pida vostede en todal-as partes

Cerveza "EL AGUILA", de Madrid
Sidra Champagne "GUAY"
Viños das "Bodegas Riojanas"

Ramos e Compañía (S. L.)

Avenida de Rubine, 11

Dicir que un poeta é tanto menos poeta canto mais
sona ou popularidade tén, é unha parvada filla d'unha alma
cativa ou d'un corazon inzado d'envexa.

Os poetas de lingua galega, cando acadan o posto mais
ergueito na alma das multitudes, é porque souperon interpretar
as arelas, as saudades e as esperanzas da raza.

Rosalía Castro e Carros Enríquez son, pois, os doux lu-
ceiros mais relumantes no ceo da literatura galega.

Cando na emigración atopei algún hespañol a quien lle
preguntei s'era galego, sempre me respondia asperamente
que non, como se a pregunta fose un aldraxe.

Por dinidate propia, eu non quero ser mais que galego.

O día mais grande de Galicia será aquel en que os que
falán de *estridentías*, deixen de cometelas contra nós; o día
en que os *homes* se tornen *enxebres*, o día en que os *doncellos*
se adiquen a facer encaixe de Camariñas, costituindo
entón unha clase productora, e cando algúns académicos
da Galega seípan falar a lingua patria, e se disponfan a falala.

ASIEUMEDRE.

¡Terra a Nosa!

O noso moi querido irmán Leandro Pita Romero, que
s-atopa desempeñando o cárrago de Segredario particular
do gobernador civil de Barcelona, enviounos o siguiente
telegrama, que pubricamos cheios de ledicia, n'este so-
lemnre día de exaltación patriótica:

«Por falta ausoluta de tempo pra mandarles unhas
cuartillas pr' A NOSA TERRA, envíolle un saudo aga-
rimoso e a miña sinceira adhesión no Día de Galicia».

LECTURAS

"Nós".—Ourense.

Recibimos o número 17, que pubrica: "O novo arce-
bispo galego", unha interesantísima carta de Portela Va-
lladares en col da lingua galega; "A cantiga do feuto", de
A. Villar Porte; "O teósofo alemán Rudolf Steiner", de
Vicente Risco; "Encol da chuvia", de Eduardo de Onta-
ñón; sección arqueolóxica, arquivo filolóxico e etnográfico
de Galicia, os homes, os feitos e as verbas, e comenza pu-
bricar de redaición "As fontes para a historia antiga de
Galicia".

A CRUÑA

A NOSA TERRA

A SUPERIORIDADE

DOS

CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o procedere d'unha industria gallega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantes sinten amor pol-a sua Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

DESPACHOS: { Cantón Grande, 15 - A Cruña.
Real, 110 - Ferrol.
Príncipe, 9 - Vigo.

Incombustibles lixeiras Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieiros militares, etc., etc.

Son perfeitamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado


Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

A NOSA TERRA

MONDARIZ

SOUZA - CORUÑA



Augas minero-medicinales e Bicarbonatado-sódicas

Gran Hotel Balneario con todas as comodidades e adiantos modernos

Propietarios: Fillos de Peinador

Mondariz (Pontevedra)

Explotación general de Trapos y Metales de Galicia

SOCIEDADE ANONIMA

IMPORTACION**EXPORTACION**

Trapos - Metales - Ferro - Cordas - Lás - Redes - Ósos - Cornos
 . . Pezuñas - Sacos

S U C U R S A E S

Santiago, Betanzos, Ferrol, Curtis, Mellid, Orense, La Rua, Ginzo de Limia,
 Sarria, Lugo, Pontevedra e Vigo

Casa central: A CRUNA

Socorro, 10

Partido 36

Almacés de ferros, aceiros, metáis, ferramentas
 e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.º**Casa central: A CRUNA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... } Urbano 75 e 78
 Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1

Teléfono 253

Ultramarinos finos**Justo Navarro**

Casa fundada en 1864

Telegramas.... }
 Telefonemas.. }
 Cablegramas.. } Navarro

Exportador de víveres e proveedor de buques

ALMACÉS: Marina, 5, 21 e 29

Oficiñas e despacho: Real, 21

A CRUNA**ZINCKE HERMANOS****LIBRERIA — PAPELERIA****IMPRENTA**

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crás que más honran a Galicia. Mientada con arrego aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire**BOUZAS - VIGO****Sucursaes: en Cruña - Ferrol**

Redes d'algodón para tarrafa
 Aparellos, armados e en panos, para
 barcos pesqueiros
 Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
 Aceites minerás e vexetaes, e surtido
 completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —**Fillos de H. Hervada****Casa fundada en 1865****A CRUNA**

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
 MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS
 FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexion e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 — Teléfono 258

A CRUNA**EFFECTOS NAVALES**

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xenerais para equipo da Mariña militar, vapores, barcos de vela e pescadores.